

LAUDATIO DE MARÍA DA VREA, MESTRA DA MEMORIA 2025

Calros Solla

A quen non lle sabe un premio...?, mormente cando este sae do corazón e distingue con xustiza. Premios hainos a moreas, no entanto, algúns piden ser recollidos cunha pinza no nariz –porque alcatrean– ou cun vinco no fociño –para que non bulan–. Para o noso conforto, os Mestras e Mestres da Memoria, que este ano acadan a súa décima edición, sempre recenden a barrela delourada, a romeu, a rebusco e a soutea; a mazás madurecidas na hucha do centeo.

Con todo, dígolles por modesta experiencia, que hai unha sensación íntima e intransferíbel que supera á do acto de recepción dun premio, e esa sensación é aquela que acompaña o acto da concesión, cando –como digo–, o galano sae do corazón e se outorga con xustiza.

Aquí e agora volvo sentir no seu boureo o melro sucар fuxidío a fronza revesgada do Vello Cárcere. Voa, e vai pousando sobre as cabezas dos presentes as voces dos devanceiros, o ronsel da rica herdanza que, cadaneira, en afiada chirimía, nos convoca e nos toma por vinculeiros. O melro pasa!

É tarefa cotiá –dígollelo por modesta experiencia– a dos mestres recompensar os seus alumnos coas galas do afago, mais, cando é o alumnado quen premia a excelencia do maxisterio, recoñecendo a mestría que o guiou polo camiño certo, o mundo detense ao paso do melro e os meridianos xeracionais, ollándose en fite, recoñécense todos nunha face diante do espello. Velaquí a panóptica tradición que nos reúne, nos mestura, nos mira e nos interpela. Cante o melro!

E por arte de bico encarnado, verbo do asunto da harmónica interxeracionalidade, permítanme facer esteo nunha anécdota vivida hai anos, que, esclarecedora, a teño por verdade.

Intituleina **“O ceo vello”**. Compártoa arestora con todos vostedes:

Nunha ocasión, fun visitar ao hospital un enfermo afectado dunha doenza terminal; estimado informante octoxenario natural da Terra de Montes: lúcido, librepensador, esquerdoso irreverente; rara avis.

Paseando de ganchete polo amplo e luminoso corredor-galería do Provincial, cruzamos cun cura que, probabelmente, viña de administrarlle a espora a outro desafiuzado.

Ao pasarmos ao seu carón, o meu compañeiro devolveulle as boas tardes cun certo retintín, mais facéndolle a venia coa cabeza.

Andados uns pasos en silencio e sen lle pedir explicacións, aquel ancián, todo intuición, entoou unha desculpa aducindo que, pola miña idade, eu podía saudar o crego sen máis perifol, pero que el, pola súa, a fe lle tocaría ir para o “ceo vello”, e que alí, os da sotaina seguían tendo a vara longa.

Deume moito a pensar aquel “ceo vello”, e pódoo en concordancia cun “mundo vello”, inferín que, aínda que eu vira aquel home labrar co arado de pau, a nosa existencia transcorrera en universos paralelos, comunicados, iso si, polo buraco de verme da identidade.

*Folghosiño folghosés,
Folghosiño folghosés,
colores da miña cara
en Folghoso quedarés.*

María Conceución Fraíz Canaval naceu na casa da Vrea e lugar de Covas o 3 de agosto de 1933. Foi a máis nova de catro irmáns (algún outro malogrouse). María, filla de Ramiro Fraíz Iglesias (A Insua-Castrelo) e de Xosefa Canaval Matelo (Folgozo), enfeitou o seu nome de pía co chamadeiro *da Vrea*, xa que a casa familiar se ergue ao pé da Vrea Vella, unha ancestral vía de comunicación que atravesaba, de oeste a leste, o sur do territorio de Cerdedo.

María foi un case nada á escola (“Aprendín as catro reghras e pouco máis”), porén soletreou dende cativa un moito do catecismo do labrego, é dicir, da vida suxeita e sacrificada do agro. Ela mesma recorda o que se dicía daquela: “O traballo do neno é pouco, e quen o desproveita é un louco”. O migallo que asistiu á escola rendeuille ben, pois, amais da lectura, da escritura e dos rudimentos matemáticos, boa parte do seu repertorio en castelán (romances, cancións, oracións...) deprendeuno na unitaria de Folgozo (escola mixta con tabique segregador), ao coidado da mestra Manuela Cachafeiro: “Liamos esas poesías nos libros, e a min quedábanme”. Se había que atender a visita do inspector e María non estar presente, a mestra non dubidaba en ila buscar á casa, para deixar a institución docente en bo lugar. A memoria da cativa era un valor seguro. De calquera xeito, a escola da posguerra era un niño de piollos (“neghros, no pelo neghro; brancos, no pelo loiro”) e os nenos aldeáns, descalzos e remendados, de acudiren luxados á lección, debían antes lavar as mans e a cara na auga da presa.

Alén do ensino regrado, a devoción que lles profesaba á súa nai Xosefa (*Pepa*) e á súa avoa materna Filomena Matelo Canaval (*Mamá Filomena*), e mais a escoita atenta e respectuosa das voces anónimas do pobo fixérona herdeira dun mesto e

vizoso saber: coplas, adiviñas, contos, refráns..., expresados con primor na nosa lingua. Ai, canto deron de seu aqueles seráns, aquelas rúas e esfolgadas...! No lecer ou na angueira, no loito ou na troula, canto se aprendía dos vellos! Os seus veciños escóitana abraiaidos: “–Ti moito sabes, María!; onde o aprendiches!? –Aprendino de miña avoa mais de miña nai! –Pois, nós non sabemos nada deso! –Vós sodes de canda min; se non sabedes, é porque non lle puxestes atención!”.

Conta María Fraíz con moita graza que, pola rama paterna, viría sendo bisneta dun cura. A súa avoa de Castrelo apelidábase “Iglesias”: María Iglesias. O seu tataravó entregou no hospicio a filla que lle fixera á súa anónima tataravoa. Pasados os anos, o cura volveu pola rapaza –xa moza– para que o atendese na vellez. O crego soubo identificar a súa filla porque, antes de deixala no orfanato, lle tallara coa navalla unha corta nun pé. Como dixo a nosa informante: “Os fillos dos curas todos son Ighlesias”.

E a min dáme por pensar que todos os galegos somos fillos dun cura ou dun deus menor que, acabadiños de nacer, nos deixaron quedar no hospicio, non sen antes tallarnos unha amosega na planta do pé para, cando se cumpriren os tempos, noso pai volver por nós, recoñecernos e aconchegarnos a canda el ao pé do lume.

As galegas e galegos recoñecidos polo deus novo do ceo novo son sen dúbida os distinguidos co galardón Mestras e Mestres da Memoria. Ben seguro, María da Vrea e os integrantes do Equipo Chaira han ter a marca no pé e, se procedese, eu pediríalles que nola mostrasen para tapar as bocas da incredulidade.

O deus minorizado, reencontrándose a si mesmo, rogaralle, finalmente, á súa abandonica fillarada o consolo da compañía e, non lles caíba dúbida, tamén lles demandará contos e coplas, adiviñas e arrollos para prender no sono até durmir de vez.

E pola súa banda, María da Vrea botaralle unha hacha ao lume e, se cadra, contaralle ao deus dos galegos o **conto de Valiño**:

Este era Valiño –chamábano Valiño–, e entón díxolle seu pai:

–Valiño, vai á feira e traime un carto de aghullas.

E Valiño foi á feira, comprou un carto de aghullas e espetounas na herba do carro do compadre. E chegou á casa e non topaba as aghullas.

–E as aghullas!? –preguntoulle o pai.

–Metinas na herba do padriño, e aghora non aparecen!

–E ti, home, non habías coller as aghullas e espetalas aquí, na lapela da chaqueta.

–E dimo aghora, papál; por que non mo dixo cando fun prá feira do Foxo!?

–Pois, aghora volves á feira e tras un ferro pró arado.

Valiño marchou á feira, comprou o ferro do arado e colghouno da lapela da chaqueta. O rapaz cheghou coa chaqueta toda rota.

–Pero ti, home!; pra eso collías un cordeliño, púñalo ao lombo e traías o ferro!

–Dimo aghora, papá!; dixéramo cando fun pró Foxo!

–Pois, volve, e compra un porquiño.

Foi, comprou un porquiño, colleu un cordel, atoullo polo pescozo e botouno ao lombo.

Cando cheghou, o porco viña aghanado.

–Valiño, ti que fixeches!?

–E logho, non me dixo que o ferro tiña que botalo ao lombo!; pois, co porco fixen ighual!

–Ai ho, es ben parvo! O porco debíalo traer pola corda e vir: cochiquitó pra alí!, cochiquitó pra alá!; o porco víñache andando!

–Dixéramo cando fun pró Foxo!

–Pois, aghora vas e compras un cacharro de barro.

–Valiño volveu á feira, comprou o cacharro de barro, atoulle unha corda, e veu –cochiquitó pra alí!, cochiquitó pra alá!–, a gholpes co cacharro; e cheghou con el pola anga, todo escachado.

–Pero, ti que fixeches, Valiño!?

–Como me dixo que viñese cochiquitó pra alí!, cochiquitó pra alá!..., o cacharro rompeu!

–Pois, non te mando máis á feira!; aghora vou ir eu! Pero ti quedas na casa! Tes que ter conta de que a cabra non vaia comer a hortal; se non, pobre de ti!

Marchou o pai á feira e Valiño, como quería xoghar, atou a cabra á billa do pipote.

A cabra turraba por marchar, non quería estar presa; tirou pola billa do pipote, a billa afrouxou, veuse, e deixou saír o viño fóra. E dixo el:

–Ai!, e aghora cando cheghe meu pai, mátame! Aghora que vou facer!? Xa sei –estaba a ghaliña chocando os ovos–, saco a ghaliña e póñome eu chocando os ovos, aghachadiño.

Cheghou o pai:

–Valiño, que fas!?

–Clou, clou!, estou chocando os ovos que a ghaliña deixou!

–Valiño!!?

–Clou, clou!, estou chocando os ovos que a ghaliña deixou!

–Valiño!, quen lle tirou a billa ao pipote!; onde vai a cabra!?

–Clou, clou!, estou chocando os ovos que a ghaliña deixou!

Vai o pai, colleu unha maza pra espetar de novo a billa, pero gholpeouna tan forte que a maza marchou polo aire e foi dar na cabeza de Valiño.

Valiño morreu e quedaron os piros sen saír!

E a min dáme por pensar que –coma Valiño– moitos galegos desoen ou mal intrepentan as ordes dos patrucios: van á feira por ranchos e volven con culleres; van ao mercado trocar feixóns e veñen con rodas recauchutadas; e clou, clou; estou chocando os ovos que a ghaliña deixou!... E perdemos as agullas na mostea do compadre, esgazamos a chaqueta da festa, enforcamos os achegotes, esfarelamos a louza, non tornamos a cabra do alcouve, derramamos o viño da pipa e durante catro anos chocamos nos ovos para acabar morréndolle á porta, e outra vez os piros sen saír.

*A aldea de Folgoso
é lughar de moita vida,
ten unha rosa na entrada
e un caravel na saída.*

A nosa María da Vrea, toda retranca, engadiría: “O caravel da saída son eu; o da entrada non sei quen é”. A chanza ten xustificación, pois, a súa casa é a última do lugar de Folgoso, á man dereita segundo se vai para Soutelo de Montes.

María Fraíz Canaval, na mocidade dos 92 anos, encarna o celme de Cerdedo e Montes. Soubemos dela e da súa portentosa memoria en 2019. Alguén que asistía e compartía, en Pontevedra, un obradoiro de memoria advertiunos do prodixio e do flamante paradoxo. Aquela alumna avantaxada e humildosa, abraiaba as compañeiras e compañeiros de pupitre retendo vívidos os recordos de toda unha vida. Vaia choio para a mestral! Démonos a coñecer, apalabramos o proxecto de recolla e gravación e axiña nos puxemos ao choio.

“Discorre, María!”; “Os saberes estanche fervendo na cachola; teñen que saír pra fóra, teñen que saír!” –animábase.

Excelente cociñeira e mellor anfitriña, mentres tiveron lugar os encontros, a señora María endozounos o padal con filloas, rosca, rosquillas, torta de roxóns, torradas de doce, torradas borrachas, biscoito, castañas cocidas con loureiro e fiúncho..., e vincha! Nunca se principiou o labor sen antes levar unha chisca de doce á boca; era preceuto. Consonte o seu parecer, e o noso: “Cansa un de comer e beber, e nunca cansa de saber e aprender”.

Como poden comprobar, a de etnógrafo é unha vida ateigadiña de traballos e privacións. Porén, a de etnógrafo cerdedés éelles un inferno en vida, pois, aos deuses e curas do ceo vello hai que sumarlles os caciques do purgatorio. Moito sabe María da Vrea e moito nos deprendeu a brandir o humorismo como arma de liberación. Os ricos gardan os mocos e os pobres tiramos con eles. E do seu amplo repertorio de “contos feos”, escollo para botar unha risa o do **cura albeite**. Di así:

Eran unhas monxas que se meteran en vacas; e unha das vacas estáballes enferma, que non curaba. E alghén, por facerlles un ben, recomendoulles que fosen onda o cura:

–O señor cura seica ten moi boa man coas vacas.

–Pois alá vou, a ver se lle dá co remedio! –dixo unha das monxas.

Cheghou a monxa onda o cura:

–Mire, señor cura, esta vaca...!

–Eu cúroche a vaca, pero pra eso, tes que facer o que eu che mande –dixo o cregho.

–Eu fágooo, nin máis nin menos! –respondeulle a monxa.

–Tes que quitar a roupa e deitarte aquí neste banco.

A monxa denudouse, deitouse no banco, e o cura púxose a dar voltas e a requenear:

–Darredor, darredor, pra que a vaca veña a millor!; darredor, darredor, pra que a vaca veña a millor!; darredor, darredor, pra que a vaca veña a millor!...

A monxa xa se estaba cansando do ceque pra meque, e chantoulle:

–Mire, señor cura, vaia vostede polo medio anque a vaca non teña remedio!

Señora María, grazas por ter sementado, por ter recollido e por ter gardado para o mañá; grazas por abrírnos as portas da súa casa, por nos dar de comer e por facernos herdeiros da súa sabedoría. Equipo Chaira, grazas por saídes na procura do pote do ouro; grazas por transcribir, descifrar e compartir o códice do melro. Grazas por tanto!

*Deus acrecente o pan no forno,
a ghraza de Deus polo mundo todo;
quen mal nos queira
no ceo nos vexa.
Un nosopai pola Virxe María
e outro polo santo Amaro,
pra que non saia nin cru nin queimado.*

E a min dáme por pensar que a Galiza é unha inacabábel sucesión de chairas e montes, de montes e chairas. Por máis que pinten bastos —flamante paradoxo—, nesta xornada propicia, na Terra Chá e na Terra de Montes levedarán dous soles de pantrigo e coceranse dúas lúas de mestura. E mesmo nas noites máis escuras da alma, vila por vila, aldea por aldea, as luciñas tremelucientes dos fogares galegos persistirán en porfillarnos e darnos cea e pousada: cunca de caldo fumegante e castañas mamotas aboiadas en leite. *Esas luciñas son o pobo, que nunca nos traizoou, son a enerxía colectiva, que nunca perece; son en fin a esperanza celta que nunca cansa. Esa moitedume de luciñas representa o que fomos, o que somos e o que seremos sempre.*

Longa vida aos premiados! De hoxe nun ano! Moitas grazas.